

ÚNETE Á TROPAVERDE



¡RECICLAR EN SANTIAGO TEN PREMIO!



Fondo Europeo de
Desarrollo Regional

★URBACT

CONCELLO DE
SANTIAGO

Que é TROPAPERDE?


TROPAPERDE é un proxecto colaborativo impulsado polo Concello de Santiago de Compostela que trata de concienciar a cidadanía da importancia da reciclaxe dos residuos como un xeito de coidar do noso ambiente.

Quen forma parte de TROPAPERDE?

En **TROPAPERDE** participan:

- a cidadanía coas súas boas accións ambientais de reciclaxe de residuos,
- os centros habilitados para depositar residuos e entregar os cheques que serven para acumular puntos (estrelas),
- a plataforma en liña **santiago.tropaverde.org** onde as persoas interesadas se poden rexistrar para participar no proxecto e trocar as súas estrelas acumuladas,
- os establecementos colaboradores do comercio local de Santiago de venda polo miúdo (tendas, negocios de hostalaría, empresas de servizos) que ofrecen descontos ou agasallos directos.
- o Concello de Santiago que xestiona o proxecto.

Colorea a TROPAPERDE



Sopa de letras: rodea coa cor correspondente o elemento reciclable

B O T E L L A D E P L A S T I C O J B
 L O J I V D A E X H I G N G C S A E I
 U N L D I V L O J I V I V D A X N C D
 B O L S A D E P L A S T I C O E I O Q
 C G D A A H I O I N V I G N V X C N A
 O V N X S D E N G C J I O I N O H T D
 N E I H E N E V D I G L U V E R D E N
 T O J I O I H P V L U H V N K N I D J
 E N K D X L A T A V D A E I H A G O K
 D I V F P C S G V P K D I V L L J R X
 O V B O T E L L A D E V I D R O K A I
 R N G C S A E I F G D L L I J I V M V
 A V D T A R R O D E C O N S E R V A S
 Z I V L O I H Q V E I H E N K V D R K
 U G N V N C S A X O J I B R I K V E U
 L O I O I H K D G N K D N C S G N L D
 D N G F C S C A I X A D E C A R T O N
 H V N X D I V J V D A E Q H I G N K E

AMARELO

- BOTELLA DE PLÁSTICO
- LATA
- BOLSA DE PLÁSTICO
- BRICK
- COLECTOR AMARELO

VERDE

- BOTELLA DE VIDRO
- TARRO DE CONSERVAS
- IGLÚ VERDE

AZUL

- CAIXA DE CARTÓN
- XORNAL
- BOLSA DE PAPEL
- COLECTOR AZUL

Como funciona TROPAPERDE?

O funcionamento é moi sinxelo: cada vez que alguén deposita un residuo nos lugares habilitados para recollelos recibirá un cheque cun número de estrelas (puntos). Esas estrelas gárdanse na conta da persoa que previamente se deu de alta na plataforma santiago.tropaverde.org. A través desta plataforma realízase o troco das estrelas polos descontos ou agasallos que aparecen no apartado RECOMPENSAS da web. As recompensas achéganas os establecementos colaboradores.

Que residuos podo depositar?

No apartado GAÑA ESTRELAS da web [TROPAPERDE santiago.tropaverde.org/emitters](http://TROPAPERDE.santiago.tropaverde.org/emitters) poderás ver cales son os residuos que se recollen en cada centro, así como o enderezo, horario, teléfono de contacto e correo electrónico.

Onde podo depositar os meus residuos?

Nos puntos limpos do Concello de Santiago:

- **Punto Limpo Móbil:** 1.º sábado mes: As Fontiñas // 2.º sábado mes: Praza Roxa // 3.º sábado mes: Virxe da Cerca // 4.º sábado mes: rural
- **Punto Limpo do Polígono do Tambre:** Vía Edison, 46
- **Punto Limpo de Piñor:** Piñor, parroquia de Figueiras

Nos centros da Rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago:

- **A Casa das Asociacións.** Rúa de Manuel Beiras, 3
- **Centro Sociocultural A Trisca.** Corredoira das Fraguas, 92
- **Centro Sociocultural da Almáciga.** Rúa das Tabaniscas, 11
- **Centro Sociocultural da Gracia.** Lugar de San Silvestre, 6
- **Centro Sociocultural da Pontepedriña.** Rúa de Amor Ruibal, 26 baixo
- **Centro Sociocultural da Rocha.** Rúa do Beado, 1 Rocha Vella
- **Centro Sociocultural das Cancelas.** Calzada das Cancelas, 19 baixo
- **Centro Sociocultural das Fontiñas.** Rúa de Berlín, 13
- **Centro Sociocultural de Amio.** Rúa da Muíña, 63
- **Centro Sociocultural de Conxo.** Praza de Aurelio Aguirre, 1
- **Centro Sociocultural de Laraño.** Lugar de Reibó. Laraño
- **Centro Sociocultural de Marrozos.** Lugar de Ardagán de Arriba
- **Centro Sociocultural de Santa Marta.** Rúa de Antonio Rama Seoane, 6
- **Centro Sociocultural de Sar.** Ponte do Sar, 43 baixo (rúa de Diego Bernal)
- **Centro Sociocultural de Villestro.** Lugar de Quintáns – Villestro
- **Centro Sociocultural de Vite.** Rúa de Carlos Maside, 7
- **Centro Sociocultural do Castiñeiríño.** Rúa da Virxe de Fátima, 1
- **Centro Sociocultural do Ensanche.** Rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16 baixo
- **Centro Xove de Creación Cultural.** Rúa Proxecto Vagalume, 2

Nas entidades e empresas que colaboran coa recollida de residuos:

- **ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)**. Travesa dos Basquiños, 9 baixo
- **Cenor Klima**. Avenida de Vilagarcía, 38
- **Cenor Santiago**. Rúa da Angustia, 17
- **Escola de Artes Mestre Mateo**. Rúa da Virxe da Cerca, 32
- **ITC**. Rúa do Valiño, 1, baixo D
- **Star Center Costa Vella**. Rúa de Amio, 116
- **Star Center Santiago**. Plaza de Vigo, 2
- **Tien21 Santiago**. Rúa de Montero Ríos, 36

Cales son as cantidades mínimas que cómpre reciclar para acadar un cheque?

Por cada entrega de residuos entregarase un só cheque independentemente do número de residuos e do tipo, sempre respectando as **cantidades mínimas*** especificadas a continuación:



Papel e cartón
1 bolsa grande das de papel



Aceite de cociña usado
1 litro



Toner
3 unidades



Tapóns de plástico
1 bolsa de conxelados chea



Pequenos aparellos eléctricos
1 unidade



Pilas
10 unidades




Roupa
6 prendas grandes
ou 12 prendas pequenas



Puntos limpos
0,5 kg de residuos

* Se entregan varios residuos e só un deles cumpre o mínimo, teñen dereito a cheque igualmente.

Axuda a 3-R a chegar ao colector de reciclaxe amarelo



Que teño que facer para participar?

1. Dáte de alta como persoa usuaria na páxina web da **TROPAPERDE santiago**. **tropaverde.org**. Para rexistrarse será necesario indicar un enderezo de correo electrónico e un contrasinal. Tras completar o rexistro, o sistema enviarache un correo electrónico de confirmación á conta de correo indicada.
2. Leva os teus residuos aos centros colaboradores de **TROPAPERDE** habilitados para recollelos e solicita o teu cheque **TROPAPERDE**. Con cada cheque obterás estrelas (puntos).
3. No propio cheque tes un código de números e letras. Na web da **TROPAPERDE** atoparás unha caixa de texto onde introducir este código. Cada vez que introduces o código dun cheque o sistema asignarache un número de estrelas. Cantas máis accións de responsabilidade ambiental realices, máis estrelas recibirás.
4. Cando teñas o número necesario de estrelas poderás trocalas polas recompensas dispoñibles nese momento na plataforma **TROPAPERDE**. Podes ver a listaxe de entidades colaboradoras no apartado RECOMPENSAS da web **TROPAPERDE**. Soamente poderás trocar unha vez a mesma recompensa.
5. Cando troques as túas estrelas por recompensas recibirás un correo electrónico cun cupón que poderás imprimir ou descargar no teu teléfono móbil. O cupón é a túa chave para gozar da recompensa que escolliches. O único que tes que facer é amosalo á entidade colaboradora para recibir o teu agasallo ou desconto elixido.

Cales son as recompensas que podoo gañar polas miñas boas accións ambientais?

Podes obter agasallos directos ou descontos nos produtos e servizos ofertados polos establecementos colaboradores que poderás consultar no apartado RECOMPENSAS da web **TROPAPERDE**. Podes realizar a tua busca por algunha das seguintes categorías: hostalaría, comercio, cultura, Concello, deporte, saúde, infantil e estética.

Asóciate á TROPAPERDE e pide o teu carné!

Os carnés entregaranse de xeito gratuíto nos centros sociais e nos puntos limpos do concello. Constarán con dez recadros que se irán selando cada vez que deposites residuos nos puntos de recollida. Unha vez completados todos os recadros do carné, poderás solicitar como agasallo algún dos seguintes produtos: paraugas, bolsa da compra, garrafa de cristal ou bolsa da merenda.



SENDA

MITOLÓXICA NO MONTE VISO



Unha experiencia máxica na natureza



Unha senda mitolóxica para toda a familia con figuras a tamaño real da mitoloxía galega (Os Mouros, Breogán, A Meiga, A Coca, A Lamia...).



Edita: Concello de Santiago de Compostela • Deseño : Paula Cantero • Ilustración: Daniel Vilas • Imprime: Agencia Gráfica • Déposito legal: C 1695-2020

